# 1.ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA O 3º TRIMESTRE

| ETAPA | EDUCACIÓN INFANTIL | CURSO: | 6º |
|---|---|---|---|
| ÁREA: | 1. COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL<br>2. COÑECEMENTO DO CONTORNO<br>3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN<br><br>ABÓRDANSE AS TRES ÁREAS DENDE UN ENFOQUE GLOBALIZADO E ATENDENDO A CADA UN DOS BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE INCLÚEN EN CADA UNHA DELAS (*Pódense observar os bloques nos títulos das propostas de actividades semanais) | MESTRE: | JENNIFER PIÑEIRO GONZÁLEZ (titora 3 anos)<br>VANESSA TÁBOAS PAZO (titora 4 anos)<br>NURIA FEIJÓO ÁLVAREZ (titora de 5 anos)<br>ELENA CIFUENTES (Parella Pedagóxica e PT)<br>DÉBORA GULÍN (especialista A.L.)<br>ELENA IGLESIAS (especialista música)<br>VICTORIA FERNÁNDEZ (especialista inglés)<br>Mº JOSÉ BARROS (especialista relixión)<br>LUZ FONTÁN (ORIENTADORA) |

**GRUPO/AULA:**

Grupo aula de 24 alumn@s con diferentes características e ritmos de aprendizaxe.

**VÍAS DE COMUNICACIÓN:**

Web de centro.

Whatsapp de grupo, whatsapp privado, whatsapp de pequeno grupo (titora, parella pedagóxica e familia de alumnno determinado).

Chamadas e videochamadas.

Blogue de aula e de Biblioteca

Email de aula.

O **equipo docente** de infantil comunicámonos a través dun grupo de whatsap, facemos reunións semanais por videochamada na plataforma Cisco Webex e temos unha carpeta colaborativa en Drive para crear as propostas e tarefas semanais de maneira conxunta.

# 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

| ÁREA: | COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **INDICADORES** | **COMPETENCIAS BÁSICAS** | **TAREFA** |
| Coñecer o seu propio corpo e o doutras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas. | -Explorar o propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para concienciar o propio esquema corporal.<br>-Potenciar a construción do esquema corporal.<br>-Recoñecer percepcións sensoriais relacionadas con campos visuais, auditivos, olfativos, táctiles, gustativos. | **BLOQUE O CORPO E A PROPIA IMAXE**<br>-Persevera na realización das súas actividades e na busca de estratexias para a resolución dos problemas cotiáns.<br>-Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.<br>**BLOQUE XOGO E MOVEMENTO**<br>-Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...).<br>**BLOQUE A ACTIVIDADE COTIÁ**<br>-Soluciona pequenos problemas da vida cotiá.<br>**BLOQUE O COIDADO PERSOAL E A SAÚDE**<br>-É autónomo/a no coidado de si mesmo/a. | Competencia en autonomía e iniciativa persoal.<br>Competencia para aprender a aprender.<br>Competencia física e motriz. | -Tarefas semanais organizadas partindo dos bloques de contidos.<br>-Vídeos de PsychoEnglish semanais. |
| Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais. | -Adquirir confianza nas propias capacidades.<br>-Amosar interese por participar en actividades da vida diaria, con iniciativa e autonomía progresiva no seu desempeño, regulando o seu propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos. | | C. en autonomía e iniciativa persoal.<br>Competencia en aprender a aprender. | -Tódalas tarefas programadas. |
| Desenvolver as súas capacidades afectivas. | -Progresar no control progresivo dos seus propios sentimentos e emocións.<br>-Identificar, verbalizar e expresar sentimentos, emocións, experiencias, preferencias e intereses de si mesmos e dos demais. | | C. en autonomía e iniciativa persoal e c. emocional. | -Tarefas semanais organizadas partindo dos bloques "emocións". |

<table>
<tr><th>ÁREA:</th><th colspan="4">COÑECEMENTO DO ENTORNNO</th></tr>
<tr><th>OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA</th><th>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</th><th>INDICADORES</th><th>COMPETENCIAS BÁSICAS</th><th>TAREFA</th></tr>
<tr><td>Observar e explorar o seu ambiente familiar, natural e social.</td><td>-Explorar os obxectos e materiais presentes no contorno, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns.<br>-Recoñer algúns atributos e propiedades de obxectos e materiais, examinando as súas características e a súa aplicación.<br>-Observar características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.<br>-Formular hipóteses, contrastalas buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias dos fenómenos.<br>-Participar en proxectos e investigación.</td><td rowspan="3">BLOQUE MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDAS<br>-Describe propiedades e características de obxectos ou coleccións atendendo a diversos criterios.<br>-Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación de operacións de calculo sinxelas<br>BLOQUE ACHEGAMENTO Á NATUREZA<br>-Describe características físicas (partes, forma, cor...) e funcionais (alimentación, desprazamento...) de animais e plantas.<br>-Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio<br>BLOQUE CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE<br>-Comprende e sabe explicar as relacións máis básicas entre familiares.</td><td>Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.<br><br>Competencia para aprender a aprender.</td><td>Tarefa Elefantes (semana 27 de abril)<br><br>Tarefa semana do 21 ao 24 de abril.<br><br>Tarefa reciclaxe (semana 8 de xuño).</td></tr>
<tr><td>Comezar coas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e á escritura como medio de comunicación, información e ledicia.</td><td>-Amosar e desenvolver habilidades loxico-matemáticas sinxelas.</td><td>Competencia matemática.<br><br>Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.</td><td>Tarefas semanais organizadas partindo dos bloques de contidos (LÓXICA MATEMÁTICA).</td></tr>
<tr><td>Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.</td><td>-Identificar a familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas establecidas nelas, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.</td><td>C. social e cidadán.<br><br>Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.</td><td>Tarefas semanais organizadas partindo dos bloques de contidos.</td></tr>
</table>

| ÁREA: | LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **INDICADORES** | **COMPETENCIAS BÁSICAS** | **TAREFAS** |
| Desenvolver habilidades de comunicación en diferentes linguaxes e formas de expresión. | -Desenvolver a linguaxe oral para evocar sucesos, adquirir coñecemento, para facer solicitudes, expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións.<br>-Participar oralmente en conversas, narracións, anécdotas, chistes, aumentando o vocabulario, empregándoo con precisión crecente, con entoación axustada, pronunciación clara e empregando estruturas de frases que enriquecen as súas propias habilidades de comunicación.<br>-Explorar as posibilidades sonoras da voz, o propio corpo, obxectos cotiáns e **instrumentos musicais.**<br>-Participar oralmente en conversas, narracións, chistes, xogos… aumentando o vocabulario, empregando con precisión crecente, con entoación axustada, pronunciación clara e empregando estruturas de frases completas.<br>-Amosar interese por participar en interaccións orais en **lingua estranxeira**, rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a lingua. | **BLOQUE LINGUAXE VERBAL: ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR**<br>-Ten unha linguaxe fluída.<br>**BLOQUE LINGUAXE VERBAL: APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA**<br>-Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos.<br>**BLOQUE LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA**<br>-Valora as diferentes obras plásticas presentes na aula e no contorno, museos e exposicións.<br>**BLOQUE LINGUAXE ARTÍSTICA: MUSICAL**<br>-Participa na interpretación de cancións e xogos musicais.<br>**BLOQUE LINGUAXE ARTÍSTICA: CORPORAL**<br>-Descobre as posibilidades expresivas corporais do seu propio corpo.<br>**BLOQUE LINGUAXE AUDIOVISUAL E TIC** | Competencia na comunicación lingüística.<br><br>Competencia cultural e artística. | Gravacións de audio e vídeo de diferentes tarefas: reto elefantes e arte, que pasaría se, gravacións libres para a radio…<br><br>Tarefa Arte (semana 11 de maio)<br><br>Propostas Inglés.<br><br>Tarefas semanais de música<br><br>Propostas en diferentes tarefas semanais. |
| Comezar coas habilidades lóxico-matemáticas e | -Iniciarse no uso da lectura e a escritura en situacións contextualizadas e reais. | | C. na comunicación lingüística. | Tódalas tarefas programadas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| achegarse á **lectura e á escritura** como medio de comunicación, información e ledicia. | | -Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula<br>**LINGUA ESTRANXEIRA**<br>-Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida | | |
| Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación. | -Dramatizar textos literarios e expresarse coa axuda de recursos non lingüísticos.<br>-Empregar xestos e movementos como recursos do corpo para a expresión e comunicación e intercambio afectivo. | | C. na comunicación lingüística.<br>C. cultural e artística.<br>C. física e motriz. | Tarefas semanais de música. Vídeos das mestras de propostas musicais.<br><br>Vídeos de PsychoEnglish semanais. |
| Aproximarse, na medida do posible, ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación. | -Amosar curiosidade e interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación. | | Tratamiento de la información y competencia digital. | Propostas de aplicacións e visitas virtuais semanais. |

| **ÁREA:** | **RELIXIÓN CATÓLICA** | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **INDICADORES** | **COMPETENCIAS BÁSICAS** | **TAREFAS** |
| Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría y admiración. | - Expresar gratitude con xestos e palabras. | -Recoñece a Deus como creador e Pai. | -Competencia en autonomía e iniciativa persoal.<br><br>-Competencia de aprender a aprender.<br><br>-Competencia social | Propostas en diferentes tarefas semanais. |
| Descubrir que los cristiáns chaman Padre a Deus Creador de todas as | -Recoñecer as personaxes do relato. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| cousas, e saben que está con todos nos, nos quere e perdoa sempre. | | | | |

No seguinte enlace atópanse as propostas de actividades e/ou tarefas plantexadas así coma a súa temporalización. Todas elas son de repaso e reforzo dos contidos traballados en trimestres anteriores.

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1tui/node/777

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS ÁREAS, INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| A avaliación será global, continua e formativa, e os indicadores de avaliación seleccionados para este trimestre foron traballados e avaliados no 1º e/ou 2º, e neste continúan presentes a través de diferentes **actividades e propostas de repaso e reforzo.**<br><br>Para a avaliación do alumnado terase en conta o seu desenvolvemento e evolución dende o comezo de curso, e tal e como se establece nas Instrucións do 27 de abril de 2020 publicadas pola Direción Xeral de Educación, a **calificación destes indicadores no 3º trimestre, nunca será máis baixa que a obtida nos anteriores, valorándose positivamente o traballo e as evidencias aportadas durante a duración do mesmo.**<br><br>Os intrumentos de avaliación serán a **escala de estimación** (sen dificultade, en proceso, con dificultade como recolle o XADE) e o **diario de aula**. |

# 4. Metodoloxía

| | |
|---|---|
| **1.Alumnado con conectividade** | Baseámonos no principio funfamental de extremar o coidado para apoiar aos estudantes e as súas familias, así como para facer posible o desenvolvemento das súas tarefas en condicións que promovan o seu benestar.<br>Cada venres publicase na web do centro a proposta de actividades e/ou tarfeas deseñadas para o alumnado. A continuación compártese a través do grupo de whatsapp de aula e no blogue. Coa finalidade de achegarnos dalgunha maneira ao alumnado envíanse 3 videos semanais elaborados polas mestras pertencentes ao equipo de educación infantil con diferentes propostas de actividades. De xeito xeral ao longo da semana envíanse por esta vía tamén diferentes propostas: concertos, exposicions, contacontos, espectáculos de maxia… |

| | |
|---|---|
| | Co fin de reforzar a fluidez da comunicación coas familias e proporcionar o apoio educativo e emocional necesario establecemos unha rutina de **atención individualizada**: chamadas ou videochamadas semanais que permiten achegarnos ao alumnado e acompañar ás súas familias nesta situación tan excepcional.<br>Co alumnado que presenta algún tipo de necesidade creáronse grupos de whatsapp específicos de cada alumno. Neles están a participar a titora, a parella pedagóxica e a familia de cada alumno. A través destes grupos realizase un seguimento individualizado xa que asesoramos as familias sobre como desenvolver as actividades e achegámoslle dúas veces por semana propostas específicas deseñadas para cada un dos alumnos. |
| **2.Alumnado sen conectividade** | Non se refire. |
| **3.Materiais e recursos** | Adaptados á nova realidade: empregando de xeito compensado materiais manipulativos existentes nun contexto doméstico e materiais TIC. |